

XANEIRO 2026



ILUSTRACIÓN PINTO & CHINTO

CALENDAR: DECEMBRO

L	M	Me	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

CALENDAR: FEBREIRO

L	M	Me	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	

LUNS

5 Nace a Champions

O xornal deportivo francés L'Equipe lanzou en 1955 a idea de celebrar unha competición entre os clubs campións de liga de Europa.

MARTES

6 Ensinou a ler aos cegos

Louis Braille, o home que inventou o sistema táctil de lectura para cegos que leva o seu nome, morreu o día de Reis de 1852.

MÉRCORES

7 Debut na presidencia

A primeira vez que España presidiu a Unión Europea foi en 1989, e asumíuna este día, sendo presidente Felipe González.

XOVES

1 Feliz ano 2026!

A Organización das Nacións Unidas declarou o 2026 Ano Internacional do Turismo Sostible e Resiliente.

VENRES

2 A conquista da Lúa

O 2 de xaneiro de 1959 a NASA lanzou Lúa 1, a primeira sonda en alcanzar o noso satélite natural (non chegou a aluar).

SÁBADO

3 Rei da fórmula 1

Hoxe fai 57 anos Michaël Schumacher, que aínda non se recuperou completamente das secuelas dun accidente de esquí.

DOMINGO

4 144 anos de historia

Fundada por Juan Fernández Latorre na Coruña, La Voz de Galicia está a informar cada día desde 1882.

12 Espeleólogos mozos

Cinco adolescentes descubriron en 1959 en Nerja unha cova na que se atoparon formacións xeolóxicas marabillosas.

13 Toque nas conciencias

O francés Émile Zola publicou en 1898 o artigo «Eu acuso» para censurar o xuízo por espionaxe contra o oficial xudeu Dreyfus.

14 Reunión en Casablanca

En 1943 os aliados Churchill, Roosevelt, De Gaulle e Giraud coordinaron as accións durante a Segunda Guerra Mundial.

15 Galeguismo agrario

En 1910 publicouse nesta data o primeiro número da revista Acción Galega, dirixida polo líder do agrarismo, Basilio Álvarez.

16 Irán fíxose islamita

O xa de Irán, Reza Pahlevi, abandonou o país en 1979, deixando o camiño libre á revolución islámica liderada polo aiatolá Khomeini.

17 «Yellow Submarine»

O disco dos Beatles saíu á venda en Londres en 1969. A canción do mesmo título foi a única cantada por Ringo que chegou ao número 1.

18 Cincuenta anos de paz

Tras o acordo oficial entre Exipto e Israel, firmado en novembro, o fin efectivo da Guerra do Yom Kippur foi nesta data de 1974.

19 545 anos de unidade

A unión dos reinos de Castela e Aragón consumouse en 1479, ao herdar Fernando, marido de Isabel e rei de Castela, a coroa aragonesa.

20 Iasir Arafat

Foi elixido democraticamente presidente da Autoridade Nacional Palestina en 1996, pero os palestinos seguen sen Estado.

21 Centenario de Lenin

Vladímir Ilich Uniónov, alias Lenin, faleceu en 1924, hai hoxe 100 anos. Foi o líder da Revolución bolxevique en Rusia.

22 Á RAE con monicreques

O debuxante Antonio Mingote ingresou na Real Academia Española en 1987. Comezou no semanario La Codorniz.

23 Vaise Dalí

En 1989 faleceu, aos 84 anos, o pintor Salvador Dalí, considerado un dos máximos representantes do surrealismo.

24 O Mac fai 40 anos

O primeiro computador Macintosh de Apple saíu ao mercado en 1984. Cos seus 128 KB de RAM, revolucionou o mundo dos PC.

25 Chegan as olimpíadas de inverno.

Hai 102 anos que se inauguraban en Chamonix (Francia) os primeiros xogos olímpicos de inverno.

26 Fundación dunha cidade

En 1778 a frota de Arthur Philip chegou á costa australiana cargada de presidiarios e fundou Sidney.

27 Creador de «Los gozos y las sombras»

Hai 25 anos da morte do escritor ferrolán Gonzalo Torrente Ballester dunha parada cardíaca.

28 DÍA MUNDIAL POLA REDUCCIÓN DAS EMISIÓN DE CO2

29 Avance médico

O primeiro ril artificial, que serve para facer a diálise, funcionou en 1960 na Universidade do Estado de Washington, en Seattle.

30 DÍA ESCOLAR DA PAZ E A NON VIOLENCIA

Establecido en memoria de Mahatma Gandhi.

31 Incendio histórico

Un incendio incontrolable destruíu por completo o Teatro do Liceo de Barcelona en 1994, hai agora 32 anos.